



Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN LÚDICO VERÁN 2024

BASES DE PARTICIPACIÓN

Campamento Urbán de Verán

Escolas Deportivas de Verán

Madrugada Verán

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión ao Campamento Urbán de Verán 2024, as Escolas Deportivas de Verán 2024 e ao Madrugada Verán 2024; todos eles servizos enmarcados no Programa Portomarín Lúdico: Ocio e Tempo Libre, e destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación.

O concello de Portomarín a través da súa posta en marcha pon a disposición das familias distintos servizos dirixidos á poboación infanto-xuvenil durante as vacacións de verán, coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da veciñanza de Portomarín; ao tempo que se ofrece unha alternativa de ocio para a infancia e rapazada do concello.

2.-METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar terá como piares fundamentais: a pedagogía lúdica (aprendizaxe experiencial, por descubrimento e mediante o xogo); a promoción da igualdade e a atención a diferenza (atención centrada na persoa); e a cooperación como medio para o desenvolvemento integral da persoa.

As propostas dos tres servizos inclúen a realización de actividades lúdico-educativas, deportivas e de coñecemento da contorna; as cales terán como obxectivos transversais: a promoción de hábitos de vida saudable, a co-educación en valores, a igualdade de xénero e a prevención de todo tipo de violencias. Así mesmo, todas elas estarán contextualizadas e adaptadas as idades e necesidades das persoas participantes, favorecendo o seu





Concello de Portomarín

desenvolvemento integral. Entre outras realizaranse talleres de diversas temáticas; así como: manualidades, gymkhanas, deportes, actividades acuáticas como piscina; teatro, baile, cociña etc.

O centro de referencia para as actividades será a " Instalación Xuvenil municipal". A entrega e recollida dos participantes realizarase en dita instalación como normal xeral. No caso dos días de piscina se así o estima a empresa xestora, esta poderá indicarlle ás familias que a recollida se realice na instalación da piscina. Cabe salientar que segundo o tipo de actividade a realizar se fará uso da instalación municipal que mellor se adapte a actividade.

Coa aceptación das presentes bases no momento da solicitude os representantes/as dos/das menores prestan o seu consentimento ao desprazamento dos mesmos ás distintas instalacións sempre acompañados polo persoal responsable. O planning das actividades de cada quenda será facilitado ás familias ao inicio de cada quenda; o cal poderá sufrir modificacións segundo así o estime a empresa xestora.

A empresa xestora habilitará un teléfono onde as familias poderán indicar calquera incidencia.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA E REQUISITOS

Os servizos están dirixidos á poboación infanto-xuvenil entre 3 e 17 anos de idade do seguinte xeito:

- **Campamento Urbán de Verán** (infancia e mocidade de 3 ata 12 anos)
- **Escolas Deportivas de Verán** (mocidade de 12 ata 17 anos)
- **Madrugada Verán** (infancia e mocidade de 3 ata 17 anos)

A persoa solicitante deberá estar empadroada na vila de Portomarín con anterioridade a publicación destas bases, ou matriculada no CEIP "Virxe da Luz".

Nos casos de divorcio onde o/a proxenitor/a empadroado/a na vila ostente a custodia da/o menor durante este período; a solicitude tramitarase conforme ao punto anterior.





Concello de Portomarín

Con carácter supletorio, poderán participar persoas da mesma idade que, non estando empadroadas, pasen o período de verán na vila. Neste caso, deberán ter familiares de primeiro e/ou segundo grao de consanguinidade empadronados na vila; e alegar que por motivos de conciliación da vida persoal, laboral e familiar precisan destes servizos.

As persoas que presenten unha discapacidade deberán de ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van a desenvolver. Unha mobilidade acorde coas características da instalación que se solicita. Ademais de non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.

Serán obxecto de estudo todas as situacións susceptibles de servizos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral. A valoración será realizada polos Servizos Sociais municipais.

Os/as solicitantes que non cumpran os requisitos non poderán participar no programa.

4.- Nº DE PRAZAS E DISTRIBUCIÓN DAS QUENDAS

As prazas ofertadas para cada quenda son as que se detallan a continuación:

Campamento Urbán de Verán	Nº prazas	Escolas Deportivas de Verán	Nº prazas	Madruga Verán	Nº prazas
24/06/24-05/07/24	40	24/06/24-05/07/24	15	24/06/24-05/07/24	10
08/07/24-19/07/24	40	08/07/24-19/07/24	15	08/07/24-19/07/24	10
22/07/24-02/08/24	40	22/07/24-02/08/24	15	22/07/24-02/08/24	10
05/08/24-16/08/24	40	05/08/24-16/08/24	15	05/08/24-16/08/24	10
19/08/24-30/08/24	40	19/08/24-30/08/24	15	19/08/24-30/08/24	10
02/09/24-10/09/24	40	02/09/24-10/09/24	15	02/09/24-10/09/24	10

Para que se leve a cabo cada servizo en cada turno, deberán estar cubertas a metade das prazas dispoñibles. Se non fose de este xeito, deberá cubrirse un tercio do grupo, para manter os servizos, coa consecuenta modificación das actividades previstas.



Concello de Portomarín

Os horarios dos servizos son:

- Campamento Urbán de Verán (10:00-14:00hs)
- Escolas Deportivas de Verán (10:00-14:00hs)
- Madruga Verán (8:30-10:00hs)

Na solicitude deberán marcarse as quendas solicitadas para cada servizo, sendo posible compatibilizar varios servizos (Campamento Urbán e Madruga ou Escolas Deportivas e Madruga) e participar en todas as quendas dispoñibles.

O calendario, horario ou tipoloxía de actividades poderá ser modificado durante o período de execución, polas seguintes causas: condicións climatolóxicas adversas, causas de forza maior, e/ou polas necesidades detectadas no grupo de participantes.

5.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

É requisito indispensable para a adxudicación de praza cumprir os criterios de idade.

Terán prioridade na asignación de praza as persoas empadroadas na vila de Portomarín e/ou matriculadas no CEIP “Virxe da Luz” fronte as non empadroadas.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase tendo en conta, o seguinte:

- Criterio de valoración da renda familiar¹, priorizando as familias cunha renda per capita menor. A renda deberá de ser inferior ou igual a 6,5 veces o IPREM do 2023². A cal se verá incrementada nun 15% para familias de especial consideración (f. numerosas, f. monomarentais/monoparentais, mulleres vítimas

¹ Cálculo da renda per cápita da UF é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 entre os membros computables. A renda da unidade familiar será o resultado da suma das rendas dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do IRPF.

Para as presentes bases, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- As parellas non separadas/divorciadas legalmente ou, de ser o caso, a/s persoa/s titora/s do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade non emancipados/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade recoñecida e/ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Descendentes solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada ou divorciada legalmente, cando exista custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial ou análogo, a unidade familiar entenderase constituída polas persoas proxenitoras e todas as descendentes convivintes que reúnan os requisitos do punto anterior.

² Valor do indicador público da renda de efectos múltiples 6,5 veces o **IPREM 2023: 46.800€/pers. (12 pagas)**.





Concello de Portomarín

de violencia de xénero con menores a cargo, ou calquera outra situación susceptible de valoración por parte do equipo técnico de servizos sociais).

- Participación en maior número de quendas e/ou servizos.
- Proxenitores/as que se encontren traballando no período solicitado para o desfrute da actividade.
- No caso de presentación de solicitudes conxuntas (irmáns/irmás ou situacións asimilables) para a mesma quenda, a admisión dunha persoa solicitante, suporá a admisión das restantes.
- Aquelas familias que non se atopen nos supostos anteriores, ateranse ao criterio xeral de adxudicación de praza; establecido conforme ao nº de orde de rexistro de entrada da solicitude por vía presencial ou telemática.

As solicitantes de persoas non admitidas por exceso de solicitudes pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida neste apartado; no caso que se produza a renuncia dalgunha das prazas adxudicadas.

6.- PROCEDEMENTO PARA SOLICITUDE

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello.

As solicitudes serán cursadas por unha persoa adulta, responsable do/a menor, mediante o modelo de solicitude facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I).

O prazo de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación das presentes bases na sede electrónica municipal, taboleiro de anuncios ou calquera outro medio que se considere idóneo co obxecto de promover a súa difusión pública. Dito prazo finalizará o 03 de xuño de 2024 as 00:00hs.

Á presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases.

As solicitudes e documentación complementaria poderá presentarse a través da:

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Concello de Portomarín

6.1 Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante e das titoras legais.
- Xustificante de pagamento do abono da praza, segundo os servizos e as quendas solicitadas.

6.2 Documentación a aportar para adxudicación prioritaria de praza:

- Declaración de ingresos da unidade familiar (ANEXO II).
- Para a acreditación da incompatibilidade horaria dos/as pais/nais ou titores:
 - Persoas traballadoras por conta allea: certificado da empresa no que se acredite o horario laboral e o período de vacacións de verán 2024.
 - Persoas traballadoras por conta propia (autónomas): declaración xurada onde conste a xornada laboral e o período de vacacións de verán 2024; máis o recibo da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nos casos de separación ou divorcio onde o/a proxenitor/a ostente a custodia da/o menor durante este período: copia do convenio regulador; declaración xurada na que conste calquera outro probatorio da situación.

6.3 Documentación acreditativa da situación obxecto de bonificación:

- Familias numerosas: título oficial de familia numerosa.
- Familias monomarentais/monoparentais: certificado oficial que acredite a situación.
- Vítimas de violencia de xénero: acreditación da condición de vítima de violencia de xénero con menores a cargo.
- Persoas con discapacidade: certificado expedido pola Xunta de Galicia.

7.- PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas para cada quenda e servizo. **As persoas admitidas disporán dun prazo**





Concello de Portomarín

de 5 días hábiles para a presentación do xustificante de pago sobre as quendas adxudicadas. No caso de non presentar o documento producirase a perda da praza.

No caso **das persoas excluídas por erro na presentación da solicitude, haberá un prazo de dous días hábiles para subsanación e 3 días hábiles para a realización do pago** e posterior presentación do xustificante.

O xustificante de pago entregárase nos Servizos Sociais Municipais.

No suposto de que o erro persista, non se cumpran os requisitos mínimos e/ou o número de solicitudes supere as prazas ofertadas, a persoa solicitante quedará excluída de xeito permanente; polo que se procederá á devolución do prezo de inscrición. As instrucións para a devolución serán determinadas a través de resolución da alcaldía.

8.- FUNCIONAMENTO E NORMAS DE CONVIVENCIA

As persoas participantes estarán acompañadas en todo momento por persoal cualificado, que reúne a titulación e cumpre os requisitos para traballar de xeito habitual con menores. Este persoal poderán ser propio do concello, ou ben, contratado pola empresa adxudicataria do/s servizo/s.

O servizo de Madruga Verán e Campamento de Verán será prestado por unha empresa externa; mentres que os servizos de Escolas Deportivas de Verán será executado directamente polo persoal do concello de Portomarín.

A coordinación do “Campamento de Verán” e o “Madruga Verán” recaerá sobre a empresa adxudicataria do servizo; mentres que as “Escolas Deportivas de Verán” serán xestionadas polo concello de Portomarín. No obstante; calquera consulta, incidencia e/ou reclamación deberá ser remitida aos Servizos Sociais Municipais, a fin de ser resolta na maior brevidade posible.

As instalacións nas que se farán as entradas e recollidas das persoas participantes serán as seguintes segundo o servizo solicitado:

- Campamento Ubran de Verán (instalacións municipais fronte ao CEIP Virxe da Luz)
- Escolas Deportivas de Verán (pavillón municipal)



Concello de Portomarín

- Madruga Verán (instalacións municipais fronte ao CEIP Virxe da Luz)

Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se desenvolvan os servizos, de ningunha persoa axena aos servizos; é dicir, só terán acceso a ditos espazos as persoas participantes, o equipo técnico que desenvolve a actividades e o persoal responsable da coordinación dos servizos e/ou das instalacións.

8.1 Normas de funcionamento interno e convivencia:

- Prégase puntualidade nos horarios de entrada e saída dos distintos servizos. A falta de puntualidade na recollida das persoas participantes poderá supoñer a perda do dereito á prestación do/s servizo/s.
- Non se poderá faltar sen xustificar máis de tres días por quenda. De ser así darase de baixa do servizo correspondente, sen dereito a reintegro do prezo de inscrición da quenda en curso. No suposto de producirse algunha ausencia puntual (enfermidade, etc.), deberá comunicarse na maior brevidade posible.
- Calquera circunstancia e/ou necesidade que presente a/o menor deberá de ser informada na solicitude, coa finalidade de atender á diferenza e establecer os apoios e/ou as adaptacións precisas para favorecer a participación.
- Será esencial manter un clima de respecto e empatía cara o equipo técnico que realiza as actividades, como hacia o resto de persoas participantes. No caso de que o comportamento dun/ha participante afecte ao funcionamento do servizo procederase a avisar á familia; e de persistir, tomaranse as medidas que sexan necesarias para garantir o bo desenvolvemento do/s servizo/s.
- Cada participante deberá traer auga e merenda (saudable), así como as cousas necesarias para cada día de actividade (ver recomendacións de equipamento). Non estará permitido compartir alimentos, para minimizar o risco de sufrir problemáticas derivadas das intolerancias e alerxias alimentarias.

8.2 Recomendacións sobre o equipamento:

- Uso habitual dunha mochila pequena, de dúas asas e cómoda para traer: a auga, a merenda (recoméndase traer bocadillo, froita ou calquera outro alimento saudable), unha gorra/o, e protección solar.
- Uso habitual de roupa deportiva, calzado pechado e calcetíns.
- Uso de mochila de dúas asas cómoda e acorde á idade e tamaño da persoa participante; con roupa de recambio e/ou equipamento específico para a

8





Concello de Portomarín

actividade de piscina (chanclas, bañador e muda, toalla, e calquera outro elemento que a persoa precise). As xornadas de piscina serán comunicados polo monitorado con un par de días de antelación.

- Recoméndase que todos os equipamentos susceptibles de ser extraviados veñan debidamente etiquetados co nome da persoa participante.

9.- PREZOS E CRITERIOS SUBVENCIONABLES

Con arranxo a normativa vixente, o concello de Portomarín establecerá dotacións orzamentarias para sufragar parte dos custos derivados da prestación dos servizos.

O ingreso deberá de realizarse no nº conta IBAN: ES23 2080 0172 0431 1000 0011 da entidade ABANCA indicando o **nome e apelidos do/da participante** e o **importe total** sobre as quendas adxudicadas; ademais de **indicar a actividade** CAMPAMENTO VERÁN, MADRUGA VERÁN ou ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERÁN.

No caso de solicitar dúas actividades deberá de realizar dous ingresos diferenciados, un por cada actividade.

Conforme ao estudo de custos e financiamento realizado a tal efecto, os prezos xerais por servizo e quenda; así como os descontos aplicables, serán os seguintes:

9.1 Prezos xerais por participante, servizo e quenda:

Campamento Urbán de Verán	Prezo s/desc	Escolas Deportivas de Verán	Prezo s/desc	Madruga Verán	Prezo s/desc
24/06/24-05/07/24	40€	24/06/24-05/07/24	40€	24/06/24-05/07/24	0€
08/07/24-19/07/24	40€	08/07/24-19/07/24	40€	08/07/24-19/07/24	0€
22/07/24-02/08/24	40€	22/07/24-02/08/24	40€	22/07/24-02/08/24	0€
05/08/24-16/08/24	40€	05/08/24-16/08/24	40€	05/08/24-16/08/24	0€
19/08/24-30/08/24	40€	19/08/24-30/08/24	40€	19/08/24-30/08/24	0€
02/09/24-10/09/24	35€	02/09/24-10/09/24	40€	02/09/24-10/09/24	0€



9.2 Descontos aplicables por participante e quenda:

Nº	Criterios específicos	Desconto aplicable
1	- Solicitante empadronada no Concello de Portomarín. - Alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz.	15€
2	- Familia numerosas, familias monomarentais/monoparentais. - Mulleres vítima de violencia xénero con fillos a cargo.	10€
3	- Solicitantes con discapacidade recoñecida (superior ao 33%).	10€
4	- Irmáns/irmás (ou asimilados a efectos legais) inscritos na/s mesma/s quenda/s.	10€

Como norma xeral, os descontos aplicables por cumprir os criterios 2, 3, e 4 non serán acumulables entre sí. Así mesmo, o importe máximo subvencionado polo concello de Portomarín ascenderá a 25€ por participante e quenda.

No suposto de familias con circunstancias excepcionais de extrema vulnerabilidade, poderá eximirse por completo do pago establecido, previo informe social favorable.

No caso de renuncia á praza o importe non será reembolsado. Tan só será reembolsado no caso de non levarse a cabo a actividade..

10.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO/S SERVIZO/S

Os servizos dos que consta o Programa Portomarín Lúdico Verán 2024 poderán sufrir modificacións, suspensións parciais ou a total cancelación, se existisen causas de forza maior que motivasen a aplicación de estas medidas, para garantir a seguridade e saúde das persoas participantes, do equipo de profesionais, e das familias.

Tamén será motivo de cancelación da/s quenda/s e/ou servizo/s que non alcancen o número mínimo de participantes; o cal está recollido no punto 4 de estas bases.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes coa maior brevidade posible.

Asinado electrónicamente á marxe do documento

O Sr. Alcalde – Presidente

Pablo Rivas Folgueira



Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN LÚDICO VERÁN 2024

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS DO/A MENOR (cubrir unha solicitude por cada participante)

Nome e Apelidos:			
DNI (en caso de telo):		Nº tarxeta sanitaria:	
Data de nacemento:		Idade:	
Dirección:			
Localidade:		Provincia:	
Teléfonos:			
En caso de solicitudes conxunta, ¿quén é/son a/s outra/s persona/s solicitante/s?			

DATOS PERSOAIS PAI/NAI/TUTOR/REPRESENTANTE LEGAL DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
En caso de separación ou divorcio, especificar quén é a persona que ostenta a custodia nas datas da actividade.			

OUTRAS PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			





Concello de Portomarín

DNI:		Teléfono:	
------	--	-----------	--

DATOS MÉDICOS DO/A PARTICIPANTE

De ser o caso, enfermidades infecto-contaxiosas e/ou calquera outra patoloxía que padeza a persoa participante:

Patoloxías	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta de tratamento: (só se a trae as actividades)
	SÍ	NO	

De ser o caso, alerxias, intolerancias o particularidades alimenticias da participante:

Alerxia, intolerancia e/ou particularidades alimenticias	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta de tratamento: (só se a trae as actividades)
	SÍ	NO	

Facer referencia a calquera circunstancia e/ou necesidade que a persoa participante poida presentar durante o desenvolvemento das actividades:

Discapacidade recoñecida	Grao	Necesidades que pode presentar:
Outras circunstancias sanitarias a ter en conta		

12



Concello de Portomarín

OUTROS DATOS E INFORMACIÓN RELEVANTE DO/A PARTICIPANTE

Sabe nadar	SÍ	NO
Autoriza á publicación e uso en medios públicos e redes sociais das imaxes recollidas durante o Programa Portomarín Lúdico Verán 2024	SÍ	NO
Autoriza a que os datos de teléfono sexan incluídos nunha base de datos para a creación de listas de difusión a través de whatsapp relacionadas coa actividade.	SÍ	NO

QUENDAS SOLICITADAS (marcar as quendas e servizos solicitados de forma clara)

Compatibilidades: Campamento e Madruga, ou ben, Escolas Deportivas e Madruga.

Campamento Urbán de Verán	Prezo s/desc	Escolas Deportivas de Verán	Prezo s/desc	Madruga Verán	Prezo s/desc
24/06/24-05/07/24	40€	24/06/24-05/07/24	40€	24/06/24-05/07/24	0€
08/07/24-19/07/24	40€	08/07/24-19/07/24	40€	08/07/24-19/07/24	0€
22/07/24-02/08/24	40€	22/07/24-02/08/24	40€	22/07/24-02/08/24	0€
05/08/24-16/08/24	40€	05/08/24-16/08/24	40€	05/08/24-16/08/24	0€
19/08/24-30/08/24	40€	19/08/24-30/08/24	40€	19/08/24-30/08/24	0€
02/09/24-10/09/24	35€	02/09/24-10/09/24	40€	02/09/24-10/09/24	0€

CUSTO DO SERVIZO (importe calculado segundo as quendas e servizos solicitados)

Importe total previo á aplicación dos descontos municipais (calculado en base ao total de quendas e servizos seleccionados)	_____ €
Importe total do desconto (máximo 25€ por quenda³) (multiplicar polo número de quendas seleccionadas)	_____ €
Importe total a ingresar (calculado en base aos importes anteriores)	_____ €

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE (marcar a que corresponda)

³ Segundo o punto 10.2 das bases de participación do Programa Protomarín Lúdico Verán 202.



Concello de Portomarín

Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante e das titoras legais.
- Copia dos DNI das persoas autorizadas para deixar/recoller ao/á menor.
- Xustificante de pagamento, segundo os servizos e as quendas solicitadas.

Documentación a aportar para adxudicación prioritaria de praza:

- Declaración de ingresos da unidade familiar (ANEXO II).
- Certificado da empresa (persoas traballadoras por conta allea).
- Declaración xurada (persoas traballadoras por conta propia).
- Copia do convenio regulador, ou declaración xurada.

Documentación acreditativa da situación obxecto de bonificación:

- Título oficial de familia numerosa.
- Certificado oficial que acredite a monomarentalidade/monoparentalidade.
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
- Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.

Á firma e presentación da solicitude supón a aceptación das bases da convocatoria.

En Portomarín, a _____ de _____ de 2024.

Firma: _____





Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN LÚDICO VERÁN 2024

ANEXO II: DECLARACIÓN DE INGRESOS en relación ao IPREM do 2023⁴

D/Dona. _____, con
DNI _____, en calidade de pai/nai e/ou titor/a legal de
_____, declaro que os ingresos da unidade
familiar na que se integra a persoa participante

- SI, supera o IPREM do 2023 en 6,5 veces
- NON, supera o IPREM do 2023 en 6,5 veces

Nos supostos sinalados no punto 5 das bases de participación sobre familias de especial consideración; o límite vearese incrementado nun 15% máis.

En Portomarín, a _____ de _____ de 2024

Firma: _____

⁴ Valor do indicador público da renda de efectos múltiples 6,5 veces o IPREM 2023:46.800€/pers. (12 pagas).